

PLAN DE IGUALDADE



C.E.I.P. Ramón Otero Pedrayo
Barco de Valdeorras
(Ourense)

1. INTRODUCCIÓN

Explicar ou definir o termo igualdade en principio podería parecer sinxelo, pero vese dificultado pola complicada contorna que vincula a estruturas sociais, económicas, políticas, educativas, que forman o soporte da nosa sociedade.

Nesta sociedade, na que cada vez se fala máis de igualdade, aínda queda un gran traballo por facer para conseguir a paridade que se pretende, pois o peso das tradicións e estereotipos sexistas sobre o papel da muller seguen persistindo no núcleo de moitas familias.

Debemos pois, romper os estereotipos sexistas arraigados na nosa sociedade, tanto para homes como para mulleres.

Os seres humanos son iguais nalgúns aspectos xenéricos pero diferentes en detalles concretos: teñen distintas capacidades, preferencias, oportunidades e circunstancias.

A escola cumpre unha función social moi importante na formación integral das persoas, polo que, debemos facer un esforzo por redefinir os papeis sociais de homes e mulleres no marco das relacións entre iguais.

A través deste plan preténdese establecer un clima de convivencia no que o respecto, a non discriminación e a superación dos prexuizos sexistas contribúan ao desenvolvemento integral do alumnado.

As **características** que deben rexer o Plan de Igualdade son:

- Transversal. A aplicación do principio de Igualdade de Trato e de oportunidades entre homes e mulleres.
- Activo e preventivo. Diríxese tanto a alcanzar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes como a mantela.
- Colectivo e integrador. Dirixido ao conxunto do alumnado, profesorado e familias.

- Negociado. Considera como un dos seus principios básicos a participación a través do diálogo e cooperación das partes.
- Dinámico: é progresivo e está sometido a cambios constantes.
- Sistemático-coherente: o obxectivo final (a igualdade real).
- Flexible: confecciónase en función das necesidades e posibilidades.
- Temporal: termina cando se conseguiu a igualdade real entre mulleres e homes.

2.REFERENCIAS LEGAIS

- Constitución Española 1978: artigo 14, co que se recoñece formalmente a igualdade ante a lei por razón de sexo; artigo 9.2 que asevera a obriga dos poderes públicos de promover as condicións para que esa igualdade sexa real e efectiva.
- Declaración Universal sobre dereitos humanos. Declaración dos dereitos da infancia e Convención sobre os dereitos da infancia.
- Principios de Yogyakarta
- Resolucións aprobadas pola Unión Europea sobre igualdade de xénero.
- Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: artigos 17, 18, 22, 23, 24, 25 e 26.
- Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia
- Lei 23/2018 do 29 de novembro, de igualdade das persoas LGTBI.
- RD 6/2019 do 1 de marzo, de medidas urxentes para a garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e ocupación.

- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de educación. (Artigo único, apartado b: a equidade que garante a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento persoal; apartado i: desenvolvemento da igualdade, dereitos, deberes e oportunidades, así como nas diferentes áreas das etapas educativas; artigo 19 “Principios pedagóxicos”. Capítulo II: equidade e compensación de desigualdades en educación. Disposición adicional vixésimo sexta: Fomento da Igualdade efectiva entre homes e mulleres. Disposición adicional cuadraxésima primeira: Valores que sustentan a democracia e os dereitos humanos e prevención e resolución pacífica de conflitos).
- Lei 13/2021 do 20 de xullo pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015 do 12 de febreiro (artigo 20), polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

3. DIAGNÓSTICO DO CENTRO.

O Ceip Ramón Otero Pedrayo, atópase situado na comarca de Valdeorras, un entorno rural, no cal, as canteiras de lousa son o principal medio de subsistencia de moitas familias.

Nao colexio contamos con 3 unidades de Infantil e 6 unidades de Primaria.

CEIP RAMÓN OTERO PEDRAYO	
Enderezo	Rúa Elena Quiroga 7. (32315) O Barco de Valdeorras
Web	http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipoteropedraio/
Código	32001671
Teléfono	988 32 01 63
e-mail	ceip.otero.pedraio@edu.xunta.es

4. OBXECTIVOS

Obxectivos xerais:

- Analizar co alumnado como se constrúe a identidade xenérica masculina e feminina.
- Cuestionar os valores limitadores dos modelos de xénero tradicionais e as consecuencias que leva asumilos.
- Propor recursos que permitan adquirir valores alternativos aos tradicionais.
- Crear un espazo grupal no que se flexibilice os roles de xénero tradicionais e tanto os alumnos como as alumnas poidan ensaiar actitudes e comportamentos diferentes aos que se asignan socialmente.
- Priorizar actitudes de empatía, descartando actitudes de competencia e rivalidade.
- Aprender a coñecer e expresar sentimentos para promover relacións de confianza, cooperación e apoio mutuo entre alumnos e alumnas.
- Facilitar estratexias que posibiliten a participación activa nos diferentes ámbitos das súas vidas.
- Impulsar o uso dos espazos de forma igualitaria e diversa sen estereotipos asociados.

Obxectivos coas familias:

- Sensibilizar sobre o papel que xogan os pais e nais na socialización dos seus fillos e fillas e sobre a problemática ao redor da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Conseguir a colaboración das familias co centro para unha educación en equidade.

Obxectivos co profesorado:

- Formación para identificar as causas socioculturais da desigualdade entre homes e mulleres e os seus mecanismos de permanencia.
- Analizar o sistema educativo para detectar estereotipos de xénero, os factores de discriminación e as condicións creadoras de desigualdade.
- Observar e analizar os valores transmitidos ao alumnado e revisar a realidade do centro, no que se traballa desde unha perspectiva coeducativa.
- Levar a cabo un Plan de Igualdade e ir elaborando un banco de recursos que se atope a disposición da comunidade educativa co fin de integrar este valor no proceso educativo.

5. ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

O Plan de Igualdade do noso centro baséase nos seguintes principios:

1. Ser parte da realidade de cada grupo. Por tanto, permite unha experiencia individual e colectiva dos seus membros. Para iso, é necesario establecer un espazo onde se recoñeza esa experiencia e esa realidade para transformala en punto de partida do cambio.
2. Promover experiencias grupais positivas. Para iso proporcionaremos experiencias gratificantes de comunicación e resolución de conflitos, superando barreiras e estereotipos de xénero.
3. Identificar os roles tradicionalmente atribuídos a cada xénero para crear un maior sentimento de grupo e maior sentido de cooperación.
4. Traballaremos para construír colectivamente entre alumnos e alumnas un espazo común para producir un novo cambio de modelos.

As principais recomendacións metodolóxicas que establecemos para realizar as actividades que recolleremos neste Plan de Igualdade son:

- Nas intervencións débese coidar a linguaxe para que non teña un carácter discriminatorio.
- Débese evitar tamén un discurso exclusivamente heterosexual ou homófono.

6. ACTUACIÓNS

Tres principios de actuación: VISIBILIDADE, TRANSVERSALIDADE E INCLUSIÓN.

Procuramos actuar nos principais e diferentes ámbitos e axentes relacionados co proceso de ensinoaprendizaxe: alumnado, familias, comunidade educativa e contorna institucional.

Para iso estableceremos un sistema de comunicación fluída e continua, aproveitando para este fin, datas e efemérides relevantes.

Procuramos en todas as actividades e actuacións dar un enfoque coeducativo á vez que interdisciplinar.

Trataremos de implicar a toda a Comunidade Educativa e mesmo implicando ás institucións locais, aínda que incidiremos especialmente nos seguintes ámbitos:

NO CENTRO

Actuacións concretas para integrar a perspectiva de xénero no centro de acordo cos obxectivos establecidos:

1) No proxecto educativo, polo menos nos seguintes aspectos:

- ✓ Na utilización dunhalinguaxe non sexista e inclusiva na documentación do centro, recursos e materiais didácticos, páxinas web, comunicación coas familias, etc.

- ✓ Nas programacións didácticas e nas propostas pedagóxicas.
- ✓ No Plan de Convivencia.
- ✓ No Plan de Orientación e Acción Tutorial.
- ✓ No Plan de Formación do Profesorado.
- ✓ Nos criterios para establecer os agrupamentos do alumnado.
- ✓ Nas actividades complementarias e extraescolares que se programen.

2) *Nas Normas de Organización e Funcionamento do centro, polo menos nos seguintes aspectos:*

- ✓ Na organización dos tempos, espazos, instalacións e recursos materiais do centro.
- ✓ Na paridade nas canles de decisión, responsabilidade e participación dos distintos sectores da comunidade educativa.
- ✓ Na repartición de roles e responsabilidades entre o alumnado.

PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN

A nivel de centro podemos dicir que observamos unha boa predisposición e alta sensibilización ante as actitudes e valores relacionados coa igualdade e a aceptación da diversidade. Porén a sociedade na que vivimos fomenta en moitas situacións a adquisición de determinados roles, moitos deles, cun marcado carácter tradicional.

Deberemos ter un especial coidado na realización/tratamento de:

- Actas, circulares internas, comunicación ás familias, ao alumnado na Axenda Escolar.
- Imaxes, signos, símbolos estereotipados de homes e mulleres.
- Documentos públicos do Centro.
- Debates, exposicións e explicacións na aula.
- Conversacións coloquiais.

- Contido na web do Centro que vaiamos engadindo.
- Reunións de Claustro, Consello Escolar.
- Exposicións, celebración das festas do centro, visionado de películas e información interesante dentro da perspectiva de xénero.

Durante o curso realizaranse **ACTIVIDADES** complementarias e extraescolares coa fin de conmemorar unha serie de datas relevantes dentro do marco da igualdade de xénero e a non violencia.

Procuramos en todas as actividades e actuacións dar un enfoque coeducativo á vez que interdisciplinar.

Ao longo do curso, varios organismos, entre os cales cabe resaltar ao Concello, organizan algunhas actividades para conmemorar determinadas datas, nas que participa o centro: 25 de novembro, 8 de marzo, etc..

O Plan Director, impulsado dende a Delegación do Goberno en Galicia, ofrece tamén aos centros docentes a posibilidade de solicitar charlas informativas/formativas sobre diferentes temáticas, como: acoso escolar, drogas e alcohol, violencia de xénero, novas tecnoloxías, bandas xuvenís, etc.; charlas que son impartidas por persoas expertas das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, dirixidas ao conxunto da Comunidade Educativa (alumnado, profesorado, familias).

A continuación especificaremos as actividades propostas para a celebración de determinadas datas:

- ❖ 25 de novembro (Día internacional contra a violencia cara ás mulleres).
- ❖ 10 de decembro (Día internacional dos dereitos humanos).
- ❖ Campaña do xogo e xoguete non sexista (Antes do Nadal).
- ❖ 11 de febreiro (Día internacional da nena na ciencia).

❖ 8 de marzo (Día mundial da muller).

7.AVALIACIÓN ,INFORME ANUAL E MEMORIA:

Para asegurar o éxito do Plan é necesario facer un seguimento do mesmo ao longo do curso e ademais poranse en marcha estratexias de avaliación que dean resposta ao grao de consecución dos obxectivos propostos, á idoneidade das actuacións programadas e dos recursos utilizados, á eficacia dos mecanismos de difusión, coordinación e organización interna, resultado de participación do alumnado e profesorado nas actividades propostas, etc.

A **avaliación do Plan de Igualdade** atenderá aos seguintes criterios:

- Grao de consecución dos obxectivos.
- Implicación do Plan de igualdade noutros documentos do centro.
- Actuacións e grao de participación/implicación da Comunidade Educativa (mestres, alumnos e familias).
- Valoración da utilización de recursos didácticos cunha linguaxe integradora.
- Valoración dos resultados.
- Conclusións e propostas de mellora.

Para esta avaliación do Plan de Igualdade utilizaranse como **instrumentos de recollida de información**: a observación sistemática e directa, rexistro das actividades, reunións con titores/as, profesorado especialista, enquisas e sondaxes a alumnado, profesorado e familias.

Ao final de cada curso realizarase un informe sobre a evolución do Plan, as actividades desenvoltas, grao de consecución dos obxectivos e propostas de mellora

para o vindeiro curso. Este informe será incluído na Memoria Final e terase en conta no comezo de cada curso para incorporar as novidades que se recolleron.

8. BIBLIOGRAFÍA E LIGAZÓNS DE INTERESE:

- <https://www.youtube.com/watch?v=Cf79KXBCIDg>
- Guíadidáctica “Somos como somos: 12 inclusiones, 12 transformaciones”, CCOO Enseñanza.
- Guía “Abrazar la diversidad: propuesta para una educación libre de acoso homofóbico y transfóbico”. Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad.
- “Acoso escolar (y riesgo de suicidio) por orientación sexual e identidad de género: Fracaso del Sistema educativo.” Madrid, FELGTB.
- PLATERO, L. (2014). Trans*exualidades: acompañamiento, factores de salud y recursos educativos. Barcelona. Ediciones Bellaterra. *Libro de referencia que dispóninformación de calidade e testemuñas directas de familias e menores trans e fichas didácticas que pode utilizar o profesorado de maneiraprácticanas aulas.
- “Guía para madres y padres de infancia con roles y comportamientos de género no normativos”. (2013) Barcelona, AMPGYL.
- PLATERO, L. y GÓMEZ, E. (2007) Herramientas para combatir el bullyinghomofóbico. Madrid, Talasa.

Contos para traballar a Igualdadenas aulas:

- Está bien ser diferente
- La peluca de Luca
- ¿Hay algo más aburrido que ser una princesa rosa?
- Rosa Caramelo
- El lápiz mágico de Malala
- La Peluca de Luca
- Ricitos de oso

- Cuando las niñas vuelan alto
- Rula busca su lugar
- En familia